

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE TIVO LUGAR O DÍA 13 DE ABRIL DE 2007**

O día 13 de abril de 2007, ás 10:30 h en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

### **1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior**

O Sr. Reitor informa de que se aproba a acta da sesión ordinaria do Claustro que tivo lugar o día 22 de febreiro 2007, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña, coa debida antelación, para que a consulten os membros do Claustro.

A acta **apróbbase** por asentimento.

### **2. Aprobación, se proceder, do Regulamento de réxime interno do Claustro**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen intervén para darlles conta aos membros do Claustro das principais características da proposta de regulamento de réxime interno do Claustro, elaborada pola Mesa do Claustro e que se recolle no **ANEXO III** da acta desta sesión do Claustro. Despois da intervención do Sr. Secretario Xeral, o Sr. Reitor informa os membros do Claustro de que, neste punto concreto da orde do día, se presentou en tempo e forma un escrito de emendas xustificadas á proposta de regulamento de Réxime interno do Claustro, que figura no **ANEXO IV** da acta desta sesión do Claustro. Igualmente, dá conta do procedemento que se vai seguir para o desenvolvemento do debate das emendas en cuestión, que consta de tres partes: 1) intervención do Sr. Secretario Xeral, en representación da Mesa do Claustro, para comunicar se se acepta ou non a emenda; 2) intervención do Sr. Delgado Martín para explicar e defender as emendas; 3) intervención de novo do Sr. Secretario Xeral, sempre en representación da Mesa do Claustro, para responderlle ao Sr. Delgado Martín; 4) votación, se proceder, da emenda; e 5) reconto e comunicación do resultado da votación.

A emenda número 1 é aceptada.

A emenda número 2 decae, logo de advertir o Sr. Secretario Xeral que o artigo que se quería emendar é unha transcripción literal do artigo 25.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña. O Sr. Delgado Martín explica que a finalidade desta emenda é tan só advertir que semella necesario mellorar, cando corresponda, os Estatutos da Universidade da Coruña neste concreto punto.

A emenda número 3 non se acepta. Segundo o Sr. Delgado Martín, trátase dunha emenda que pretende garantirles aos membros do Claustro que teñan á súa disposición a información dos asuntos que van ser tratados nas sesións do Claustro con antelación, empregando no tempo das convocatorias o concepto de días hábiles no lugar de días naturais. O Sr. Secretario Xeral explica que o concepto de días hábiles é correcto, aínda que non é o frecuente e pode causar problemas para as convocatorias das sesións do Claustro prolongando excesivamente o tempo de convocatoria, á parte do feito de que se fixo así desde sempre na Universidade da Coruña, que neste apartado concreto resulta incluso máis garantista que as outras universidades galegas na protección dos dereitos dos membros do Claustro. A emenda é rexeitada por 97 votos en contra, 51 a favor e 8 abstencións.

A emenda número 4 non se acepta. Segundo o Sr. Delgado Martín, trátase dunha emenda coa que se pretende evitar a existencia de obstáculos que lles dificulten ou impidan aos claustrais consultar as actas das sesións nos centros e facilitarlles o acceso aos textos provisorios das actas que deban ser aprobadas polo Claustro. O Sr. Secretario Xeral explica que co sistema que se recolle nesta proposta de regulamento está suficientemente garantido o acceso ás actas provisorias por parte dos membros do Claustro a través de distintos medios, que ademais garante tamén que os textos provisorios estean depositados no lugar que corresponde, que é de moi fácil acceso e axeitadamente custodiadas, o que permite ter constancia exacta de cando foron depositados os textos provisorios das actas. A emenda é rexeitada por 124 votos en contra, 32 a favor e 3 abstencións.

A emenda número 5 é aceptada, logo de incorporarse no texto da propia emenda a expresión «...por incumprimento inxustificable da súa obriga de asistencia ás sesións do Claustro...».

A emenda número 6 é aceptada.

A emenda número 7 é aceptada.

A emenda número 8 é aceptada.

A emenda número 9 é aceptada.

A emenda número 10 é aceptada.

A emenda número 11 é aceptada, logo de admitirse 4 como número esixido.

A emenda número 12 é aceptada.

A emenda número 13 decae por se tratar dunha cuestión formal, tras as explicacións do Sr. Secretario Xeral.

A emenda número 13 *bis* acéptase, logo de admitirse a inclusión no texto dunha remisión expresa ao artigo 8.3 do Regulamento. A aceptación desta emenda implica unha reenumeración dos apartados do artigo 10.

A emenda número 14 decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que a obriga de redactar as actas das sesións da Mesa do Claustro e de garantirlles o acceso ás actas aos membros da Mesa do Claustro, resulta da aplicación da Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á que remite o artigo 1.3 do regulamento.

A emenda número 15 decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que a filosofía desta concreta emenda xa está recollida no propio artigo que se pretende emendar, pois así se desprende da lectura en conxunto de todos os seus apartados, á parte do feito de que é o concepto de día hábil o que, para os efectos do cómputo dos prazos, establece a Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a que remite o artigo 1.3 do regulamento.

A emenda número 16 decae, tendo en conta os argumentos e resultado da votación da emenda número 3.

A emenda número 17 acéptase.

A emenda número 18 decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que a filosofía desta concreta emenda está recollida no que o propio regulamento establece para os efectos das sesións do Claustro e das convocatorias do Claustro nos seus artigos 11 e 12, de tal xeito que para unha nova convocatoria do Claustro deben terse moi presente tales preceptos.

A emenda 19 acéptase, logo de admitirse a substitución no texto do artigo da palabra «*solicitar*» por «*comunicar*».

A emenda número 20 decae, logo de advertir o Sr. Secretario Xeral que o Regulamento evidencia que o Claustro segue mantendo a capacidade para

solicitar a comparecencia de calquera membro da comunidade universitaria ou incluso para desautorizar a Mesa do Claustro impedindo a comparecencia de que se trate, sen esquecer que os propios membros do Claustro tamén teñen esta mesma capacidade, segundo o establecido nos artigos 9 e 16 do regulamento.

A emenda número 21 decae, logo de advertir o Sr. Secretario Xeral que a finalidade desta emenda concreta xa está recollida no propio regulamento, tendo en conta que a presidencia da Mesa do Claustro lle corresponde ao reitor ou á persoa que o substitúa, sempre de conformidade co que establece o artigo 8.3 do Regulamento, á parte do feito de que a presidencia debe contar sempre coa Mesa do Claustro para ordenar e moderar o desenvolvemento dos debates, segundo sinala o artigo 9.e) do regulamento.

A emenda número 22 decae, logo de acordarse unha mellora na redacción do texto do artigo relativo á maneira de adoptárense os acordos e queda do seguinte xeito: «*Os acordos no Claustro poderán ser adoptados por asentimento, coa proposta de Mesa, ou por votación a man alzada ou secreta*».

A emenda número 23 decae tendo en conta os argumentos e resultado da votación da emenda número 4.

A emenda número 24 non se acepta. O Sr. Delgado Martín considera necesario explicar e defender esta emenda porque coida que se está a suplantar o papel do Claustro cando se entende que non presentar obxeccións á acta no prazo fixado supón a súa aprobación, ademais de que non se lle debe quitar validez ao feito de que calquera membro do Claustro, co coñecemento do resto de asistentes á sesión, poda solicitar de forma pública e verbal a modificación da acta no correspondente punto da orde do día. O Sr. Secretario Xeral explica que o regulamento neste apartado concreto, que non se aparta do que establecen ao respecto as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, pretende mellorar o desenvolvemento das sesións do Claustro articulando un medio para formalizar as obxeccións que garante a participación e a democracia no Claustro, tendo en conta que a vontade do Claustro non se suplanta en ningún momento, senón que se adianta e, no caso de existiren obxeccións á acta, se reforza porque os membros do Claustro poden aprobalas ou non na sesión do Claustro que corresponda, tendo coñecemento por anticipado e por escrito desas obxeccións, e o membro do Claustro que as presente defendelas pública e verbalmente. A emenda é rexeitada por 125 votos en contra, 56 a favor e 6 abstencións.

A emenda número 25 acéptase, mais tan só no relativo á mellora de redacción e o texto do artigo 19.1 queda redactado do seguinte xeito «*A representación do Claustro en órganos estatutarios estruturados nos sectores con presenza no Claustro e nas comisións que o propio Claustro poida constituír, será elixida*

*polo sector correspondente*». O resto da emenda decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que a mención que se fai ao artigo 26.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña non procede neste artigo do regulamento, porque se trata dun artigo introdutorio, que fala do sistema de elección e no que aínda non semella oportuno falar de porcentaxes, en tanto que non se fala da composición dos órganos.

A emenda número 26 decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que aquí, en coherencia co explicado con motivo da na emenda número 25, si convén mencionar expresamente o artigo 26 dos Estatutos da Universidade da Coruña porque non hai limitación estatutaria a respecto das distintas porcentaxes de representación dos distintos sectores que integran o Claustro, a diferenza do que sucede no caso concreto do Consello de Goberno.

A emenda número 27 decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que o texto do artigo pretende reforzar a figura do Claustro fronte á figura do Reitor, á parte do feito de que debe ser Claustro quen debe ter a iniciativa para reformar e non o Reitor, na medida en que o Claustro é quen vai aprobar a reforma do regulamento. Ademais, as funcións de interpretación e aplicación do regulamento correspondenten á Mesa do Claustro, sen prexuízo de que o reitor tamén estea obrigado a acatar e a cumprir o Regulamento de réxime interno do Claustro.

A emenda número 28 non se acepta. O Sr. Delgado Martín defende a emenda sobre a base de que a modificación do regulamento, por pequena que sexa, non debe ser obxecto dunha sesión extraordinaria, que debe ser reservada para asuntos de urxencia ou gravidade, en que non parece encaixar a modificación do Regulamento de réxime interno do Claustro, precisamente polo xogo dos prazos, que son máis curtos e poden dificultar que o texto da reforma sexa coñecido tal e como debe ser. O Sr. Secretario Xeral entende que o procedemento previsto no artigo emendado é simple e que, tendo en conta que a iniciativa da reforma lle corresponde ao Claustro, esta reforma non pode causarlles, en principio, sorpresas aos membros do Claustro, que será obxecto dunha sesión que se decida con antelación por acordo da Mesa do Claustro. A regra debe ser que a reforma se faga nunha sesión ordinaria, pero tampouco convén negar sen máis a posibilidade de acometer a reforma nunha sesión extraordinaria, precisamente cando circunstancias alleas e excepcionais á nosa universidade así o poidan aconsellar; posibilidade que contemplan as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo. A respecto da posibilidade de presentar emendas ao texto da reforma, non parece correcto admitilas porque podería concibirse como un medio para modificar implicitamente o regulamento sen se reunir o número mínimo necesario de claustrais esixidos para tales fins. O Sr. Delgado Martín entende, de todos os xeitos, que unha sesión extraordinaria ofrece moi pouco

tempo para que os membros do Claustro analicen e estuden unha reforma do regulamento. A emenda é rexeitada por 112 votos en contra, 66 a favor e 5 abstencións.

A emenda número 29 acéptase.

A emenda número 30 acéptase.

A emenda número 31 decae por non poderse aceptar. De todos os xeitos, toma a palabra o Sr. Delgado Martín para poñer de relevo que con esta emenda non se pretende retornar a temas que xa foron debatidos e decididos polo Claustro na sesión anterior. Trátase dunha emenda que ten unha vontade estritamente pedagóxica, pois a súa finalidade é a de manifestar a incoherencia que hai entre o proposto por este artigo e o establecido no Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, que parece que debe ser eliminada mediante a adopción das medidas necesarias para coordinar e harmonizar o Regulamento de réxime interno do Claustro e o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, sen prexuízo de que se acometa unha reforma dos Estatutos da Universidade da Coruña para reequilibrar as porcentaxes de representación. O Sr. Secretario Xeral comeza a súa intervención sinalando que este precepto concreto do regulamento aplica con rigorosidade o acordo adoptado polo Claustro na súa sesión anterior sobre as porcentaxes de representación do Claustro no Consello de Goberno, tendo en conta sempre o que para tales efectos establecen os Estatutos da Universidade da Coruña. Tamén entende que este regulamento non ofrece incoherencias neste punto, que si parecen rexistrar os propios Estatutos da Universidade da Coruña, concretamente nos seus artigos 25.2.d) e 28.1.c), que o Sr. Reitor se comprometeu a eliminar na sesión anterior do Claustro antes de que finalice o seu mandato, promovendo para iso unha reforma parcial dos Estatutos da Universidade da Coruña que reequilibre as porcentaxes de representación no Consello de Goberno dos distintos sectores que conforman o Claustro. E a respecto do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, afirma que os problemas de coordinación e harmonización a que alude o Sr. Delgado Martín se poderían resolver procedendo, por exemplo, a reformas estéticas do regulamento de Réxime interno do Consello de Goberno, mais non resulta necesario desde o momento en que eses aparentes problemas desaparecen lendo e interpretando o regulamento en cuestión de conformidade co adoptado no seu día polo Claustro nesta materia concreta, que é plenamente soberano respecto do Consello de Goberno, cuxa única limitación neste sentido é establecida polos Estatutos da Universidade da Coruña.

A emenda número 32 decae, logo de explicar o Sr. Secretario Xeral que a emenda non encaixa formalmente neste capítulo do regulamento, na medida en que a Comisión de Reclamacións non é un órgano en que teña que estar

representado necesariamente o Claustro, nin se trata tampouco dunha comisión do Claustro, tal e como se desprende da LOU, do seu proxecto de reforma e dos Estatutos da Universidade da Coruña. Ademais, a Comisión de Reclamacións é un órgano de suma importancia que parece que lóxicamente debería ter un tratamento autónomo ou propio, cuxa regulación, que podería ter a forma dun simple acordo do Claustro ou dunha norma específica, debería ser un punto concreto da orde do día dunha sesión do Claustro, para que poida ser obxecto de tratamento tal e como se merece en todos os seus apartados.

A emenda número 33 decae, logo de indicar o Sr. Secretario Xeral que a Mesa do Claustro non debe ser soberana para anular a iniciativa dunha parte cuantitativamente moi importante do Claustro e debe limitarse só a incluír a iniciativa de reforma, sempre que cumpra os requisitos formais esixidos, como punto da orde do día dunha sesión do Claustro, para garantir o debate democrático no Claustro. Ademais, e incidindo no que foi indicado a propósito da emenda número 28, non parece correcto admitir emendas ao texto da iniciativa de reforma do regulamento, ao se tratar dunha maneira moi implícita de mudar o regulamento sen reunir o número mínimo esixido de claustrais.

Unha vez finalizada esta fase de análise e votación de cada emenda, a Sra. Fernández Esteller solicita que se vote en conxunto todo o texto do Regulamento de réxime interno do Claustro. En nome da Candidatura Aberta de PAS (CAP), o Sr. Fernández López anuncia a abstención do seu grupo na votación deste regulamento pola porcentaxe de representación do persoal de administración e servizos no Consello de Goberno, e remata a súa intervención agradecéndolle ao Sr. Delgado Martín e ao Sr. Secretario Xeral que recoñecesen na súas respectivas intervencións a necesidade de reequilibrar as porcentaxes de representación do Claustro no Consello de Goberno, especialmente no caso concreto do persoal de administración e servizos, que debería ter maior presenza.

O Regulamento de réxime interno do Claustro da Universidade da Coruña, que figura como **ANEXO II**, **apróbbase** con 145 votos a favor, 15 en contra e 19 abstencións.

### **3. Memoria de xestión 2006**

Para cumprir o artigo 36.1.m) dos Estatutos da nosa universidade, correspóndelle ao Reitor «presentarlle ao Claustro unha memoria anual da súa xestión», o Sr. Reitor presenta a memoria de xestión correspondente ao ano 2006, que figura no <http://www.udc.es/reitoria/ga/reitor/documentos.asp> e pronuncia o discurso que se recolle no **ANEXO III**.

Unha vez aberta a quenda de intervencións, toma a palabra o Sr. López Pereira. Comeza a súa intervención felicitando o redactor da Memoria de xestión do ano 2006, por entender que está moi ben editada non só do punto de vista formal, mais quere tamén amosar a súa disconformidade coa data elixida para realizar a sesión do Claustro en que se vai tratar especificamente esta Memoria de xestión, porque entre a data en que aquela se puxo a disposición dos membros do Claustro e a data da sesión non houbo o número necesario de días lectivos para que os membros do Claustro puidesen lela, tal e como debería ser. Ademais, esperaba que coa intervención do Sr. Reitor se aclarasen algunhas cuestións, mais non foi así, razón pola que centra a súa intervención sobre cuestións concretas desta memoria, tales como o número de estudantes que recolle esta memoria, que non corresponde co que dixo o Sr. Reitor na súa intervención, e a pouca atención que se lle presta ao persoal de administración e servizos. Remata a súa intervención interesándose pola implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), concretamente sobre a comisión galega do EEES e a súa incidencia nas titulacións na Universidade da Coruña, especialmente daquelas que rexistran un número baixo de estudantado matriculado; e finalmente, sobre o financiamento da Universidade da Coruña e a xestión das achegas económicas recibidas da Xunta de Galicia.

Logo de rematar a intervención do Sr. López Pereira, toma a palabra o Sr. Castedo Ribas, quen se centra en temas relativos á investigación, por entender que faltan algúns datos como a valoración que se debe facer da captación de fondos económicos externos, que debe mellorarse nalgúns aspectos, especialmente nos relativos aos grupos de investigación consolidados, cuxo financiamento non semella estar moi equilibrado, e aos parques tecnolóxicos das tres universidades galegas, pois non se sabe como é distribución das axudas económicas destinadas a estes. Conclúe a súa quenda solicitando que a xestión de proxectos de investigación sexa facilitada, ademais de ter que axilizarse necesariamente, porque unha mala xestión neste apartado dificulta a competitividade e a consecución de novos proxectos.

O Sr. González López toma a palabra para felicitar publicamente ao Sr. Reitor pola Memoria de xestión 2006, aquí presentada, mais non só por cuestións formais de edición, senón tamén pola enorme cantidade de datos que nela se conteñen de forma clara e precisa. Desenvolve a súa intervención no Plano de Normalización Lingüística que acaba de ser aprobado pola Universidade da Coruña, pois constitúe un feito moi importante, que cando menos equipara a nosa universidade coas outras universidades galegas.

Logo de rematar a intervención do Sr. González López, toma a palabra o Sr. Blanco Ferro, quen agradece publicamente a presentación desta memoria, entre outras cousas porque é a primeira vez en que aparecen os datos da Aula de



Formación Informática. Mais tamén ve oportuno poñer de relevo que os datos aparecen nun lugar que non lles corresponde, pois recóllense no apartado de infraestruturas, á parte do feito de faltar algunha información específica da aula en cuestión. Tendo en conta que está a falar da Aula de Formación Informática, ve oportuno aproveitar esta sesión do Claustro para solicitar máis medios humanos e materias para que este servizo da Universidade da Coruña funcione minimamente tal e como debería facelo.

O Sr. Cao Abad tamén intervén para incidir na mesma idea que empregou o ano pasado, con motivo da Memoria de Xestión 2005, relativa a que é moi importante contar con datos, na medida en que estes permiten logo facer as interpretacións que se estimen axeitadas, e sempre sobre a base de que os membros da comunidade universitaria teñen criterios para realizaren tales interpretacións. Esta é a razón pola que tamén agradece publicamente a presentación da Memoria de xestión deste ano, que rexistra información de moito interese para a comunidade universitaria, aínda que bota de menos algúns datos sobre programas e mestrados interuniversitarios, concretamente os datos das outras universidades participantes. A propósito dos temas de investigación, quere indicar que é certo que, na convocatoria da Xunta de Galicia de grupos de referencia, a Universidade da Coruña non saíu moi beneficiada, mais as causas non son imputables á nosa universidade, senón ás institucións convocantes, que son, ademais, as que en moitas ocasións determinan que a xestión dos proxectos sexa realmente complicada.

O Sr. Martínez Abella centra a súa intervención no capítulo da memoria relativo a infraestruturas. Despois de indicar que lle gustaría que a memoria estivese antes a disposición dos membros do Claustro, o Sr. Martínez Abella sinala que este tipo de documentos non deberían ter o formato dun anuario estatístico, senón o propio dunha memoria de xestión, que nalgúns ocasións non ten, porque semella difícil de seguir en apartados moi específicos. Entende, ademais, que hai algunhas incoherencias na información que se ofrece nos cadros, que non coincide sempre cos textos que acompañan a tales cadros.

Tras rematar a intervención o Sr. Martínez Abella, toma a palabra o Sr. Valderruten Vidal, quen se centra nas materias relacionadas coa universidade e a empresa, xa que se trata de materias que amosan a capacidade da Universidade da Coruña para adaptarse ao modelo de I+D+I. Destaca a existencia dun parque tecnolóxico, con dous centros funcionando e un que o fará proximamente e a dun viveiro de empresas con resultados máis que salientables. A respecto de temas relacionados coa informática, considera que hai algunhas cuestións de infraestructura informática e TIC que supuxeron para a Universidade da Coruña grandes melloras que, non obstante, non aparecen suficientemente recollidas.

O Sr. Fernández López tamén intervén para manifestar que a xestión das cuestións relacionadas co persoal de administración e servizos adoce en ocasións dunha gran lentitude e pon como exemplo concreto o caso das oposicións, que non son moi numerosas. Precisamente por isto, aproveita a súa quenda de intervención para solicitarlle ao Sr. Reitor que se redobren os esforzos para executar no menor tempo posible a Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada no ano 2005, e tamén para mellorar a formación do persoal de administración e servizos. Entende tamén que nesta universidade se rexistra un número bastante elevado de bolsas para traballos que deberían ser realizados directamente polo persoal de administración e servizos, razón pola que solicita que se elabore e aprobe un regulamento específico de bolsas da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención mencionando o número de persoas que son contratadas por proxectos de investigación, cuxo labor tamén debería ser obxecto dunha regulación específica; e os contratos programa, que se están a empregar incorrectamente, dado que a través deles se financian actividades que deberían ser realizadas sen máis polo persoal de administración e servizos, na medida que constitúen tarefas específicas do seu traballo.

A Sra. Rodríguez Amoroso, en representación da asociación estudiantil IESGA, quere felicitar publicamente o traballo que se está a facer na Vicerreitoría de Estudantes e, concretamente, o Sr. Vicerreitor Simón López, pois entende que, nas materias relacionadas co estudantado, a Memoria de xestión 2006 reflicte claramente os logros e os avances que se acadaron.

O Sr. Naveira Fachal toma a palabra, unha vez finalizada a súa intervención a Sr. Rodríguez Amoroso, para centrarse nos temas relativos á calidade e Espazo Europeo de Educación Superior. Despois de eloxiar publicamente o intenso labor realizado pola Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, quere manifestar a necesidade de acometer certas melloras, porque faltan avaliacións críticas nalgunhas cuestións, que é o caso, por exemplo, do estancamento na participación do estudantado nas enquisas, e dos cursos de formación do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal de administración e servizos (PAS). Igualmente, quere incidir na falta de información sobre a adaptación ás esixencias do espazo europeo de educación superior, sobre os resultados das experiencias piloto de adaptación a este espazo e sobre a normas que van ser aprobadas para seren implantadas. Remata a súa intervención solicitando que nas próximas memorias de xestión estas eivas de informacións sexan corrixidas

Unha vez finalizada a quenda de intervencións dos membros do Claustro, toma a palabra de novo o Sr. Reitor, quen responde ás cuestións formuladas por bloques de apartados, non sen antes manifestar publicamente que acepta e se compromete a incorporar todas as suxestións formalizadas polos membros do Claustro relativas á necesidade de incorporar máis información sobre algunhas

materias concretas nas próximas memorias de xestión, tal e como fixo na memoria deste ano en relación coas suxestións formuladas o ano pasado, aínda que non sempre sexa doado, especialmente se se trata de información que se remonte cada vez máis no tempo. En relación co espazo europeo de educación superior, afirma que antes deste verán se producirán moitos cambios normativos, sen que isto implique necesariamente a desaparición de titulacións existentes na actualidade, a respecto daquelas que o equipo de goberno desta universidade se mantén firme na defensa da súa existencia. En relación co número relativamente baixo de estudantes, considera que hai que diferenciar o caso do estudantado en mestrados propios, que a Universidade da Coruña mantén, aínda que amosando a súa preferencia polos mestrados oficiais, do caso das titulacións oficiais de primeiro, segundo e terceiro ciclo, onde o número non é baixo, en tanto que se mantén en torno aos vinte e cinco mil estudantes, que é unha cifra realmente óptima e que é o resultado de ter en conta a suma do número de estudantes de todas as nosas titulacións oficiais. En relación co tema do financiamento, afirma que a situación económica da Universidade da Coruña é boa, sen prexuízo de que poida estar en desacordo cos criterios empregados por outras administracións públicas para repartir as achegas económicas, que é o caso da Xunta de Galicia en relación cos grupos de investigación, cuxa actuación determinou que a Universidade da Coruña protestase formalmente por escrito no seu día. En relación cos temas relacionados co persoal de administración e servizos, non comparte a crítica de que haxa lentitude na xestión das materias que lle afectan directamente e pon como exemplo a resolución do concurso convocado ano 2002; aínda que isto non debe servir para non mellorar día a día a xestión.

Logo de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálles a palabra aos Sres. Vicerreitores para que, se o ben oportuno, interveñan coa finalidade de ampliar a información sobre aquelas cuestións que determinaron as intervencións dos membros do Claustro.

O Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea toma a palabra e comeza a súa intervención agradecéndolle ao Sr. López Pereira todo o intenso labor que fixo durante a súa etapa de director xeral de Universidades para implementar o espazo europeo de educación superior, cuxas tarefas proseguen na actualidade a través da Comisión Galega non Parlamentaria, que acaba de ter unha reunión e vai ter agora outra, sempre coa finalidade de analizar o impacto da implantación do espazo europeo de ensino superior no sistema universitario galego. A respecto do nivel de participación do estudantado nas enquisas, considera que se trata dunha participación mellorable, pero en todo caso boa, incluso, en palabras da propia ANECA, razoablemente aceptable; sen prexuízo de que, en efecto, algúns centros deban implicarse aínda máis neste asunto concreto. E a respecto da participación en cursos, o Sr. Vicerreitor insiste no

feito de que, desde a súa Vicerreitoría, se ten traballado moito en mellorar a formación e pon de relevo, ademais, que todos os cursos e programas de formación son avaliados no seu conxunto. Recoñécese así que hai unha elevada satisfacción por parte do profesorado, mais non ocorre así no caso concreto do estudantado, en que se rexistra unha menor demanda, razón pola que se están a tomar medidas. En fin, remata a súa intervención mencionando as experiencias piloto da ACSUG, que a Universidade da Coruña converteu en grupos de referencia nunhas pasadas xornadas, que se van realizar tamén este ano.

O Sr. Vicerreitor de Estudantes igualmente toma a palabra para indicar que o número de estudantes que mencionou o reitor é correcto, posto que hai que sumar todos os estudantes de todas as titulacións, que se corresponde cun número moi positivo, dado que, a diferenza doutras universidades, aquí non se rexistrou unha caída tan clara no número de estudantes matriculados por vez primeira. Todo isto débese, segundo o Sr. Vicerreitor de Estudantes, ao traballo conxunto que realizaron os centros, o equipo de goberno, o persoal de administración e servizos e os servizos de apoio ao estudantado desta universidade.

O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental tamén quere intervir para indicar que as deficiencias que se rexistran nalgúns centros, como é o caso da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e da Facultade de Informática, van tentar ser corrixidas mediante o estudo de posibles ampliacións.

A Sra. Vicerreitora de Investigación comeza a súa intervención agradecendo ao Sr. Cao Abad o recoñecemento que fixo do labor da súa vicerreitoría. A respecto da valoración que se pode facer da captación de recursos económicos, entende que se pode dicir que é pouca mais, remitíndose a datos oficiais, entende que está nun nivel moi bo, especialmente no caso concreto dos docentes con plena capacidade investigadora, aínda que o número de solicitudes para convocatorias oficiais non sexa o desexado. Conclúe a súa intervención incidindo no tema dos parques tecnolóxicos, cuxo estudo de desenvolvemento debe ter en conta o seu punto de partida, pois non hai que esquecer que, no seu día, nin sequera había solo onde situalos; e tamén no tema da xestión da investigación, que se mellorou moito e debe seguir mellorándose, porque continúan rexistrándose algunhas deficiencias.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica remata esta quenda de intervencións dos Sres. Vicerreitores tratando o asunto do financiamento. Dálles conta aos membros do Claustro das achegas recibidas do fondo de nivelación e do seu gasto, explicando que, sobre estas concretas cuestións, informa sempre en

todos os órganos colexiados da Universidade da Coruña onde se tratan estas cuestións.

#### **4. Plano estratéxico**

Neste concreto punto da orde do día, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen lle presenta ao Claustro o Plano estratéxico 2005-2010 da Universidade da Coruña, centrándose para isto nos documentos formalmente denominados PEUDC\_D4\*-PEUDC\_D5 (Diagnóstico estratéxico), PEUDC\_D7 (Cadro de mando) e, sobre todo, por seren os últimos documentos, aínda pendentes de aprobación polo Consello de Goberno, PEUDC\_D10 (Proxectos e accións e Programación plurianual) e que figuran en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentación.asp>.

Entende que son concretamente cinco os trazos máis característicos do Plano. En primeiro lugar, a transparencia, pois en todo momento se garantiu a accesibilidade dos documentos finais e intermedios. En segundo lugar, a minuciosidade, na medida en se formularon 24 obxectivos, 45 proxectos e 165 accións. En terceiro lugar, o consenso, xa que todos os documentos se aprobaron sen obxeccións. En cuarto lugar, trátase dun plano eminentemente vivo, xa que foi un longo proceso que está a estenderse a centros departamentos e servizos. E en quinto lugar, a participación, xa que o Claustro, o Consello de Dirección, o Consello de Goberno e o Consello Social participaron nos distintos documentos do Plano estratéxico; concretamente, na elaboración dos documentos traballaron 10 comisións cun total de 92 membros: a Comisión de Estratexia e as Comisións do Consello de Goberno para as áreas de Docencia, I+D+i e Relacións coa Sociedade e os Grupos de Debate (representantes dos centros) e grupos para cada unha desas mesmas áreas.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica remata a súa intervención reincidento na participación como a principal virtude do Plano, polo que reitera o agradecemento a todos os participantes, que fai nominal na presentación visual.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións en que toma a palabra o Sr. Delgado Martín, quen pregunta se o Plano se presenta ao Claustro para a súa aprobación ou para ser informado, para logo discrepar a propósito do consenso no seu desenvolvemento e manifesta a súa desconformidade cuns documentos que se apoian nun DAFO que foi elaborado a partir de percepcións. Ademais, o Sr. Delgado Martín considera que hai cuestións moi importantes que non se recollen aquí, como os problemas de sintonía entre a Universidade da Coruña e outras administracións ou a pouca capacidade de captación de fondos de I+D+i.

Remata a súa intervención preguntando tamén sobre a renegociación do Plano de financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

O Sr. Del Cano Gochi entende que a «Localización física da UDC na rexión urbana da Coruña-Ferrol» só pode entenderse como fortaleza se se interpreta de forma conxunta para os dous campus, pois no caso de Ferrol máis ben sería unha debilidade e reclama unha atención específica para este concreto campus da Universidade da Coruña.

O Sr. Fernández López reflexiona sobre a posible conveniencia de considerar a formación do persoal de administración e servizos separada da do resto dos colectivos e sobre a dificultade de afrontar o continuo crecemento do custo das publicacións periódicas, cun crecemento previsto do investimento en bibliotecas do 5%.

Na quenda de respostas ás intervencións dos membros do Claustro, o Sr. Reitor intervén para destacar, en relación á segunda intervención, o feito de que o campus de Ferrol alberga sete titulacións únicas no Sistema Universitario Galego.

A respecto da primeira intervención, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica defende o consenso acadado e insiste na participación, nos procesos de aprobación e na ausencia de obxeccións, pero asumindo que non significa acadar a unanimidade. Informa de que recentemente se convocara a primeira reunión coa Consellería de Educación para renegociar o Plano de financiamento. Remítese ao Documento 0 do Plano estratéxico no referente a que o documento final se presenta ao Claustro, mentres que a aprobación corresponde ao Consello de Goberno e o Consello Social; e no referente ás dúas carencias supostamente detectadas, sinala que están recollidas no DAFO, unha como Ameaza («Débil relación entre o contorno institucional e a Universidade») e outra como Debilidade («Capacidade de captación de fondos para I+D+i»). A respecto da terceira intervención, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica sinala que, efectivamente, a formación do persoal docente e investigador se podería ter considerado de xeito separado se así o suxerise algún dos participantes nas comisións, entre os que figuraba o interveniente. Tamén aclara que a proxección dun crecemento do investimento en biblioteca dun 5% anual, inferior ao doutras partidas de investigación, pretende constatar que o esforzo nesa área xa vén sendo moi importante.

## **5. Quenda aberta de intervencións**

Comeza este punto de quenda aberta de intervencións o Sr. López Pereira, quen desexa indicar, nun escrito que figura como **ANEXO IX** desta acta da sesión do

Claustro, que as manifestacións do Sr. García Camba na anterior sesión do Claustro a respecto da súa persoa son falsas, porque no momento de se aprobar os Estatutos da Universidade da Coruña se encontraba en servizos especiais e, consecuentemente, non puido «defender nin aprobar» os devanditos Estatutos.

O Sra. Fernández Esteller quere facer constar, a propósito das intervencións que se realizaron en relación co punto da orde do día relativo ao Regulamento de réxime interno do Claustro, que non considera que os Estatutos actuais da Universidade da Coruña conteñan ningunha incoherencia na representación dos distintos sectores da comunidade universitaria nos órganos colexiados e remite para isto aos propios preceptos dos Estatutos da Universidade da Coruña que tratan o tema da representación. Remata a súa intervención, explicando que aproveita este punto da orde do día para falar disto porque antes, no punto relativo especificamente ao Regulamento de réxime interno do Claustro, non lle deixaron facelo e pensa que é a primeira vez que, nunha sesión do Claustro, non se deixa falar a máis dunha das persoas asinantes das emendas.

O Sr. Fernández López considera que as sesións do Claustro deberían comezar antes, por exemplo ás 9:00 h, para aproveitar mellor o tempo e non ter que saír tan tarde. Igualmente, considera que, á hora de votar a man alzada, deberían empregarse papeletas de cores distintas ás verdes e ás azuis hoxe empregadas.

A Sra. Traba Pérez intervén para solicitar a creación dun servizo de asesoramento lingüístico, pois o Servizo de Normalización Lingüística da nosa universidade non debe ocuparse disto.

O Sr. Rodríguez toma a palabra para falar das aulas net, concretamente das modificacións que se están a facer na xestión da impresión, pois entende que con estas modificacións se introduce unha privatización encuberta. Ademais, entende que os datos requiridos para introducir as tarxetas solicitadas para eses efectos, relativos á situación económica, atentan contra a confidencialidade do seu titular, razón pola que non deberían ser demandados.

A asociación estudantil Grupo Alternativo de Estudiantes de Derecho (GADED) solicita que se cumpra o artigo 6 dos Estatutos da Universidade da Coruña, relativo a que «As instalacións da Universidade da Coruña non poderán ser empregadas con fins políticos, relixiosos ou de calquera índole que non responda aos fins e á filosofía desta», que entende que non se está a cumprir, dado que ultimamente xa se realizaron reunións de partidos políticos nas dependencias da nosa universidade, concretamente do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Precisamente por isto queren saber cal é a interpretación que se ten que facer deste precepto e quen é o responsable en caso de incumprimento. O Sr. Reitor entende que este precepto non impide a realización dos actos políticos en

cuestión, a que fai mención o precepto, desde o momento en que non son oficiais, dado que están a empregar as instalacións da nosa universidade de conformidade coas normas de uso de bens de dominio público da Universidade da Coruña e non son contrarios aos fins e á filosofía da Universidade da Coruña.

O Sr. Delgado Martín intervén para indicar que non comparte a interpretación que fai o Sr. Reitor do artigo 6 dos Estatutos da Universidade da Coruña e considera que non se deberían utilizar as instalacións da nosa universidade para a realización de actos políticos. Trátase dunha cuestión, sostén o Sr. Delgado Martín, que enlaza directamente coa listaxe de preguntas formuladas polo Sr. Pérez Roel, que non foron contestadas aínda polo Sr. Reitor, pois unha das preguntas era a relativa á aplicación do artigo 6 dos Estatutos da Universidade da Coruña, razón pola que quere saber cando se van responder as preguntas do Sr. Pérez Roel. O Sr. Reitor responde indicándolle que moitas das preguntas do Sr. Pérez Roel xa foron contestadas no seu día e outras teñen a súa resposta precisamente na Memoria de Xestión 2006 que hoxe se presentou no Claustro.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 15:45 h do día 13 de abril de 2007. De todo o anterior dou fe como secretario, co visto e praxe do Sr. Presidente.

Visto e praxe

O SECRETARIO

O PRESIDENTE

Xosé Manuel Carril Vázquez

José María Barja Pérez